

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº98/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de novembro/ Estado de

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Desaparecida a Malaleuca armillaris do exterior do C. de visitantes pola acción do temporal, agora habería que fixarse no deplorable estado das do interior do patio. **Páxs. 1 / e Ons na Memoria Páx. 2**



Despois da Dina de Valencia, e cando van xa 22 anos do desastre do Prestige, pedimos non esquecermos e estar preparados para calquera eventualidade. **Páx. 3**

Interesantes Xornadas organizadas polo Parque Nacional, para coñecer mellor as illas que o compoñen e as zonas e parques naturais da súa contorna. **Páx. 2**
As fotos inseridas neste número destas xornadas e actividades foron cedidas polo Parque Nacional



Outra xornada do Parque sobre o naufraxio do Santa Isabel na Illa de Sálvora, impartida por Xosé M. Fernández Pazos, neto do que foi mestre en Ons Joaquín Fernández Cambeiro nos anos 30 s.XX. **Páx. 3**



Parabéns á navieira Nabia polos seus Barcos Solidarios. **Páx. 4**


Novas preguntas ao Parlamento galego sobre o Faro e as enerxías renovables. **Páx. 4**



Sánchez Cidrás Fillo Adoptivo de Bueu Tinón, con boina, e detrás Sánchez Cidrás mentres se celebraba o pleno extraordinario onde nomearon a Cidrás Fillo Adoptivo de Bueu. **Páx. 5**
Foto: Faro de Vigo



Homenaxe a Luís Davila (Bichero) en Bueu. Interesante iniciativa. **Páx. 6**
Foto: Faro de Vigo



Recuperación do entroido na Illa de Ons. Dopazo Entenza o seu promotor. **Páxs. 6-7.**
Foto: Stafant Mörling



A última Malaleuca exterior que daba sombra a veciños e visitantes, caeu por mor dos fortes temporais. Outubro 2024.

Melaleuca armillaris. Barrio de Curro. C. Visitantes. Illa de Ons

Os que xa levamos en Ons moitos anos (eu 50) coñecemos o patio da escola de Curro e os seus arredores, sen árbores. Polo fin dos 70 s.XX, fixeron unhas plantacións, no interior e a carón do paseo. A

O vestixio que queda do que foi esta Malaleuca.

árbore escollida foi a Melaleuca armillaris. Nun principio, estas árbores tiveron un coidado, por parte dos traballadores do Icona, Yrida e, xa menos, debido ao seu crecemento, polos do Servizo de Medio Ambiente de Agricultura.

Supoño que o motivo da súa plantación no patio de recreo da escola, sería dar sombra a este e, loxicamente, aos rapaces. As que plantaron a carón do camiño, fronte as casas escola e a igrexa, serían as que sobrarian.

Aínda que parece unha árbore forte, o seu crecemento, arredor dos 5-7 metros, e no lugar que estaban plantados, expostos aos fortes ventos do sur, facíaos vulnerables; sen embargo, os coidados que recibiron mentres estaban en crecemento, favoreceron o seu desenvolvemento.



Pasaron os anos e, podemos acreditar, que cumpriron a súa función, aínda que, a falla de coidados posteriores, debilitaron o seu fortalecemento. Esta falla de atención provocou un crecemento anómalo das súas pólas, en especial, das árbores que se atopaban no exterior, que se ladeaban cara ao tellado da escola, cousa que, pensamos, motivou a súa corta, quedando só un exemplar.

A súa desaparición do camiño de Curro, supuxo unha importante perda pola función que realizaban, de dar sombra aos veciños e visitantes que, despois do paseo pola illa, se sentaban ao seu carón recibindo esa reconfortante protección nos días solleiros e, á vez tamén, o amparo nos días de chuvia miúda.

Ao final, só quedou no exterior un, que cun pouco de axuda que lle prestaran dende Parques, seguro que aínda hoxe estaría cumprindo a función de resgardar aos que se poñían debaixo das súas pólas.


Pero, parece que para Parques, o coidado das árbores non vai con eles, máis pola contra, fanas desaparecer a toda costa.

O grave está agora nas Malaleucas do antigo patio de recreo. O seu estado, pola falla de coidados, é lamentable. Os ventos do sur, que alí sopran con forza, fan que se tomben, ata chegar a ser perigosas. Coido que, esas si, deberían ser cortadas para evitar males maiores, e buscar unha alternativa dinámico-didáctica para ese magnífico patio, para o que xa propuxemos, a súa utilización práctica, poñendo unha carpa desmontable para realizar actividades.



As malaleucas do interior do antigo patio de recreo. Hoxe patio do Centro de Visitantes. Estado deplorable

<https://biodiversidade.eu/especie/melaleuca-armillaris-gaertn-sm-/?lang=es>



ONS NA MEMORIA

Aquí temos, no ano 1978, as escolas, aínda en funcionamento, estando como mestre D. Santos Pereira Figueroa, e onde podemos observar os dous patios de recreo sen árbores ningunha.

Neles os rapaces aunienses xogaban e facían deporte.

Con esta foto quero expoñer que as malaleucas que agora rodean o muro do patio, foron plantadas con posterioridade aos anos 70, quizais foi cousa do Icona que levou a cabo esa plantación da que, como dixen, eu quitaría as árbores e ese espazo o dedicaría a actividades ao aire libre ou con axuda de carpa.

XUNTA DE GALICIA

PARQUE NACIONAL MARITIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL

XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

Novembro, Decembro, 2024

- Sálvora. A traxedia do vapor-correo Santa Isabel. Memoria do naufraxio do Titanic galego.**
 Xosé María Fernández Pazos. Cronista Oficial de Ribeira. Historiador e xornalista.
 Venres 15 de nov. 18:30, 20:30. Sala Polivalente do Auditorio (novo). Ribeira. A Coruña.
 Prazas: ata completar aforo (120 persoas).
- Fundamentos para iniciarse na observación da natureza.**
 Miguel Angel Fernández Martínez. Ecoplaning SL.
 Sáb. 23 de novembro. 10:00, 13:00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG en Vigo.
 Dom. 24 de novembro. 10:00, 15:00. Fase práctica nas Illas Cíes.
 Prazas: 40. Inscripción previa.
- Mergullándonos no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG).**
 Cristina Piñeiro Corbeira. BioCost Research Group. Facultade de Ciencias. Universidade de A Coruña.
 Sáb. 23 de novembro. 10:00, 13:00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG en Vigo.
 Dom. 24 de novembro. 10:00, 15:00. Fase práctica nas Illas Cíes.
 Prazas: 40. Inscripción previa.
- Un balance de catro anos de proxectos arqueolóxicos no PNMTIAG.**
 Patricia Valle Abad e Nerea Ruanova Álvarez. Investigadoras arqueólogas do grupo GEAAT. Universidade de Vigo.
 Sáb. 30 de novembro. 10:00, 13:00. Sede do PNMTIAG en Vigo.
Arqueoloxía subacuática no PNMTIAG. Realidades e perspectivas.
 Miguel San Claudio Santa Cruz. Doutor en Ciencias da Antiquidade.
 Sáb. 30 de novembro. 12:00, 13:30. Sede do PNMTIAG en Vigo.
 Prazas: 65. Inscripción previa.
- Cortegada no tempo.**
 Marcelino Abuin Duro. Xestor do patrimonio cultural.
 Sáb. 30 de novembro. 10:00, 13:30. Sede da Asociación Gato Negro. Carril.
 Prazas: 60. Inscripción previa.
- Achegamento á micoloxía no PNMTIAG**
 Jaime Bernardo Blanco. Dtos. Presidente da Asociación Micoloxica Brincabois.
 Membro do Grupo Micoloxico Galego.
 Miguel Ángel Lameiro Ríos. Membro da Asociación Micoloxica Brincabois.
 Dom. 1 de decembro
 10:00, 11:30. Fase teórica. Sede da Asociación Gato Negro. Carril.
 12:00, 15:00. Fase práctica na Illa de Cortegada.
 Prazas: 40. Inscripción previa.

XUNTA DE GALICIA

PARQUE NACIONAL MARITIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL

XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

Arqueoloxía no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG)

0 PNMTIAG anuncia unha nova xornada de divulgación, na que a cidadanía poderá coñecer o seu patrimonio arqueolóxico, terrestre e subacuático.

As investigacións arqueolóxicas realizadas permiten obter información valiosa para poder afondar no coñecemento que se ten sobre a historia e a ocupación humana dos seus arquipélagos. Grazas a estes traballos arqueolóxicos executados nos últimos anos, podemos "reconstruír" parte da historia, modo de vida e costumes dos seus primeiros habitantes.

- Un balance de catro anos de proxectos arqueolóxicos no PNMTIAG**
 - Relatoras: Patricia Valle Abad e Nerea Ruanova Álvarez. Investigadoras arqueólogas do grupo GEAAT. Universidade de Vigo.
 - Data e horario: Sábado. 30 de novembro. 10:00 a 13:30
- Arqueoloxía subacuática no PNMTIAG. Realidades e perspectivas**
 - Relator: Miguel San Claudio Santa Cruz. Doutor en Ciencias da Antiquidade.
 - Data e horario: Sábado. 30 de novembro. 12:00 a 13:30
- Lugar: Auditorio da sede do PNMTIAG en Vigo.
- Objectivos: Dar a coñecer as investigacións arqueolóxicas terrestres e subacuáticas realizadas nos distintos arquipélagos do PNMTIAG. Divulgar os resultados obtidos e o seu contexto histórico.
- Prazas: 65. Inscripción previa.

Inscripcións

ACTIVIDADES PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Moi importantes e, dende logo, interesantes, son estas Xornadas que organiza o Parque Nacional Illas Atlánticas para coñecelas mellor e con iso axudar a conservalas e protexelas. Significativa é a organización que toca puntos de interese como os naufraxios, observación da natureza, arqueoloxía e historia das illas e un achegamento á micoloxía, ..., e case todas cunha fase teórica e outra práctica.

A temporalización destas actividades é un pouco apertada, algunhas, de diferente temática, lévanse a cabo nos mesmos días pero en diferentes lugares, polo que, se hai algún interesado nelas, o poder asistir é complicado, por iso animamos á súa repetición en meses posteriores.

Tamén, en temáticas como a arqueolóxica e a micoloxía, propoño como suxestión, viaxes a todas as illas do Parque, con persoal especializado ou guías, para poder observalo in situ e adquirir mellor os coñecementos, loxicamente, facéndose cargo dos costes da viaxe as persoas inscritas.

Outro punto a ter en conta, é a información sobre estas xornadas. Coido que, a carón das redes sociais e a páxina web de Parques, con suficiente información, deberían presentalas nos medios de comunicación, polo menos na prensa, intentando contactar cos responsables para que a noticia saia na parte común e non só nalgunha das diferentes edicións que teñen, xa que así chegará a todos os lectores da ampla zona que abrangue o xornal.

Outra suxestión sobre estas actividades é que se realicen ao longo de todo o ano e non só no Centro de Interpretación central do Parque en Vigo, senón nos diferentes concellos aos que pertencen as illas do Parque e noutras poboacións que consideren poden interesar e, dende logo no verán, nos Centros de Visitantes das illas, en especial polo seu espazo e volume de visitantes, na de Ons e Cíes, programándoas con bastante anticipación.

NON ESQUECERNOS DO DESASTRE DO PRESTIGE



Cando aínda estamos a ver as causas da Dina de Valencia e a mala xestión levada polos políticos, estando a 18 de novembro, ten que virnos ao recordo o desastre do Prestige.

Situacións diferentes pero políticas iguais, e prevención ningunha. Como estaremos a estas alturas, 22 anos despois, se volvera a ocorrer unha catástrofe como a do Prestige? Eu penso que igual e á experiencia remítome. Antes do Prestige, o Polycommander, logo o Urquiola, despois o Aegean Sea, de seguido o Andros Patria, polo medio o Casón, e finalmente o Prestige. Coido que había un bo número de desastres anteriores para ter algún tipo de medida e sobre todo, protocolos de actuación; pero absolutamente nada. O malo que aquí, o goberno galego coa súa nefasta actuación nesa catástrofe, non tivo a quen botarlle as culpas, o goberno central era do seu mesmo partido. O único positivo é que algún político cos “hilitos” que saían do Prestige, chegou a montar unha excelente mercería.

Pois ben, daquela o Parque Nacional, sobre todo Ons, veuse moi afectado, polo que a pregunta salta: Estamos preparados e temos moi claro os protocolos a levar, no caso que teñamos a mala fortuna doutro Prestige ou similar?

Hai pouco tivemos un petroleiro, o Nissos Rhenia, que quedou sen propulsión fronte a Viana do Castelo, a menos de 50 km de Galicia e ben cargadiño de material (gasóleo) e, agás que sexa un bulo, líamos hai pouco que: “...unha flota fantasma de ruinosos petroleiros rusos, que pode causar o próximo desastre medioambiental en Canarias, e que pasan preto das costas galegas...”.

De todas estas catástrofes temos que aprender. En moitos anos, non pasa nada, pero de súpeto sucede e todos as mans á cabeza, e todo por non ser previsores e non querer gastar en prevención.

Foto: Prestige, aunienses en faenas de limpeza na Praia das Dornas na Illa de Ons.



Comprobamos, noutra das xornadas programadas polo Parque, neste caso sobre o a “Traxedia do buque Santa Isabel en Sálvora”, impartida por Xosé María Fernández Pazos, como a afluencia de público é importante o que demostra a boa acollida que teñen estas actividades, polo que terían que programarse ao longo de todo o ano e en diferentes lugares. Dicir que Xosé M. Fernández Pazos é neto do mestre Sr. Fernández Cambeiro que traballou en Ons a principios dos anos 30 s. XX, e con quen nos puxemos en contacto para ver se na próxima revista cultural AUNIOS escribe sobre a vida do seu avó.

VIAJE SOLIDARIO
POR LAS PERSONAS AFECTADAS POR LA DANA

ISLAS CÍES
CON RUTA GUIADA



SÁBADO 9
NOVIEMBRE
DESDE VIGO - 11:00H



Todos los beneficios irán destinados a las personas afectadas por la #Dana

PIRATAS DE
nabia
NAVIERA

www.piratasdenabia.com 986 32 00 48

Parabéns para a empresa navieira **NABIA** polas súas iniciativas en crear actividades tendentes á desestacionalización turística das rías Baixas e das súas illas pertencentes ao Parque Nacional, en especial, por estar sempre disposta a axudar, coas súas accións e dinamismo a potenciar actuacións tendentes a axudar aos demais, como os casos que hoxe mostramos aquí, de viaxes solidarios pola Dina de Valencia e para Aldeas Infantís de Galicia.




BARCO SOLIDARIO
de la Navidad

PASEO NOCTURNO POR LA RÍA ANIMACIÓN CON MÚSICA

CHOCOLATADA Y DULCES NAVIDEÑOS

📍 SALIDA DESDE VIGO - 19:00H

ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA **2€ de tu billete serán donados** a la Asociación Aldeas Infantiles - Galicia

Precio Adultos: 19€
Niños: 10€

¡TE ESPERAMOS!



RESERVA TU PLAZA EN:
986 32 00 48
www.piratasdenabia.com



PREGUNTAS AO PARLAMENTO DE GALICIA

De novo o auniense Adián Ferrer Reboiras volve a enviar ao Parlamento galego dúas preguntas. As presenta do seguinte xeito: *“O Parlamento de Galicia ten un mecanismo de participación para acercar a actividade parlamentaria á cidadanía denominado preguntas de iniciativa popular. Un mecanismo que persoalmente paréceme moi interesante xa que é unha forma de levar o territorio e as pequenas inquiredanzas a está cámara, que normalmente se coñece por debates máis xerais (orzamentos, lexislación, grande infraestruturas, etc.). Como persoa interesada e involucrada na illa de Ons, pareceume unha oportunidade utilizar este mecanismo para dar visibilidade ou intentar atopar resposta a asuntos reclamados polos diferentes colectivos vinculados a illa (Asoc. veciñal, Pineiróns, outros colectivos de Bueu...) e que as administracións perciban interese na propia illa ou que estes asuntos si interesan á cidadanía e á veciñanza da illa ou contorna”.*

Destá vez as dúas preguntas son:

- Sobre os futuros usos para o Faro da Illa de Ons (Que xa presentou anteriormente)
- Instalación de enerxías renovables na Illa de Ons.

Preguntas de alto interese para a veciñanza de Ons, para colectivos culturais e para o público en xeral.

Destá vez haberá algún partido que as colla, ou volverán a pasar das problemáticas dos veciños de Ons? De ser así, os aunienses deberían gardar estes documentos e, cando veñan a pedir o voto, presentarllas á cara e, despois, mandalos a tomar por onde poñen as ghalhiñas.

Instalación de enerxías renovables na Illa de Ons

A Xunta de Galicia estuda a instalación de enerxías renovables na Illa de Ons para cubrir o groso das necesidades enerxéticas do arquipélago. A iniciativa, que contará co patrocinio da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, suporía a colocación de paneis solares fotovoltaicos que permitirían, segundo os primeiros cálculos, abastecer ao redor do 70 por cento da enerxía necesaria na illa.

Esta idea enmárcase no plan de Medio Ambiente para mellorar a subministración e a eficiencia enerxética nos diferentes espazos que forman parte do Parque Nacional Marítimo e Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, apostando polas enerxías renovables e, polo tanto, pola redución da pegada de carbono. Na actualidade, a illa de Ons recibe a subministración xeral de enerxía a través de grupos electrógenos, o que lle permite ter servizo só durante dez horas ao día.

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/11/04/xunta-valora-instalar-paneles-fotovoltaicos-111335792.html>

A pregunta é:

Cando se ten pensado, por parte da Consellería de Medio Ambiente, impulsar este proxecto para dotar á illa de enerxía renovable para cubrir as necesidades enerxéticas na illa de Ons ?





Imaxe de Gonzalo Núñez

Arturo Sánchez Cidrás, fillo adoptivo de Bueu

VENRES 22

Mesa redonda con Xaime Toxo, Lucía Novas, Manuel Aldao, Salvador Castro, Amalia Omil e Abigail Buceta

19.30 h Biblioteca Municipal

SÁBADO 23

Pleno recoñecemento a Arturo Sánchez Cidrás como fillo adoptivo de Bueu

11.00 h Centro Social do Mar

E ademais...

Exposición sobre Arturo S. Cidrás na Sala Amalia Domínguez



O mestre Arturo Sánchez Cidrás, Fillo Adoptivo de Bueu

Fai algo máis de 10 anos, cando tiven o primeiro contacto co mestre **D. Arturo S. Cidrás**. Foi por medio do e-mail, comentándome a posibilidade de inserir na súa páxina web: www.bueu.esy de Bueu, a revista cultural **AUNIOS**. Que lle fámós dicir, adiante, era unha posibilidade, única daquela, de dar saída a nivel mundial, por medio do internet, á nosa humilde revista que tiña, como obxectivo principal, dar a coñecer as importantes peculiaridades socio-histórico-etnográficas-naturais da Illa de Ons.

Cando soubemos da capacidade de estudo e investigación de D. Arturo, non nos faltou tempo para, de xeito persoal eu, como coordinador de AUNIOS, poñerme en contacto con el para que participara de xeito activo na revista. E así foi. Temos que dicir que os seus artigos, son unha parte importante do obxectivo da revista, pois, a carón dun traballo excepcional de investigación, deixa unha porta aberta para que, a nivel científico, outros investigadores actúen.

A partires de 2014, Cidrás, pasou a formar parte da familia de AUNIOS, colaborador da asociación PineirÓns e, amigo persoal, aínda que a distancia xeográfica do noso hábitat, fai difícil unha relación de amizade máis activa.

Cando nos comunicaron que ían a pedir nomealo como Fillo Adoptivo de Bueu e se queriamos participar activamente nese nomeamento, aí estivemos, e a nosa gran satisfacción, foi saber que toda a Corporación do Concello de Bueu, estivo a favor. Este pasado sábado, día 23 de novembro, tivemos a oportunidade de participar, xunto ao concello de Bueu, a súa familia, ás asociacións que pediron esa homenaxe e con todo o pobo de Bueu, no Pleno Extraordinario do Concello, onde por **UNANIMIDADE**, nomearon a **Arturo Sánchez Cidrás**, como **FILLO ADOPTIVO DE BUEU**.

PARABÉNS para el, sobre todo, pero tamén para todos os que fixeron posible esa iniciativa.

Fotos: Esquerda: Cartel anunciador do acto. Dereita e de arriba-abaixo: Comezo do pleno extraordinario. Entrega de distincións a Arturo S. Cidrás. Palabras de agradecemento de D. Arturo. E a extraordinaria actuación musical dos seus catro netos.



OUTRA IMPORTANTE HOMENAXE



HOMENAXE A LUÍS DAVILA EN BUEU

Unha semana antes de ser nomeado Cidrás fillo adoptivo de Bueu, o concello e os veciños de Bueu homenaxearon ao seu ilustre veciño Luís Davila que todos os días fainos sacar un sorriso co seu humor no Faro de Vigo.

Para tal evento, descubríronse dúas esculturas dos seus personaxes: Doriña e Chuco. Tamén estivo presente no acto Arturo Sánchez Cidrás que homenaxearán o día 23 de novembro e contaron coa actuación sorpresa da comparsa <Vou nun bou> onde Davila e parte integrante. **Parabéns amigo Luís.**

Fotos: Faro de Vigo



José Manuel Dopazo Entenza, recibindo o diploma de agradecemento polo seu labor cultural a prol da Illa de Ons de mans da Presidenta da Asociación Veciñal.

A ONS ETNOGRÁFICA

A inicios da década de 1980, sacaba un artigo de prensa sobre a importancia etnográfica da Illa de Ons, onde daba o primeiro aviso sobre a falta de investigación nese eido. Daquela, só contabamos cos traballos de Álvaro das Casas, María Castroviejo e Alonso Romero. Coñeciamos o labor investigador que realizara a mediados da década de 1970 Ana Liste e que Stafant Mörling estaba a pescudar sobre as embarcacións tradicionais, pero ren máis, nesta temática, esencial para coñecer a cultura popular desta Illa.

Ao longo destes máis de 40 anos, e sen deixar de solicitalo, pouco se avanzou ao respecto. O malo é que xa quedan poucos aunienses que nos poidan informar da cultura etnográfica. No estudo arqueolóxico deuse un paso de xigante; e na histórica, ao ter que investigar en arquivos, museos, bibliotecas, organismos oficiais,..., sempre se está a tempo. Con todo, así que desaparezan os veciños que hoxe andan entre os 65 - 80 anos, con eles irase un importante legado.

Nestes momentos temos que agradecer o fundamental labor de investigación que leva a cabo o filólogo José M. Dopazo Entenza, que ademais do estudo da Lingua, tamén está a analizar, a través de entrevistas a veciños, a cultura e costumes etnográficos. Dopazo é unha persoa preparada academicamente e traballa dun xeito técnico e científico, sen apoio das administracións. É por iso que estes organismos deberían colaborar en sacar adiante, a través de publicacións e atendendo ás súas iniciativas culturais, este traballo esencial para a Illa de Ons. Podemos coñecer o seu labor na revista Aunios buscando o seu nome e entrando nos seus artigos que leva publicados: <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>


RECUPERAR O ENTROIDO EN ONS

Para o asunto de máis actualidade, recomendo entrar nos dous referidos ao **Entroido en Ons**. Esta festividade con forte transcendencia cultural, social e histórica semellaba desaparecida e sen demasiadas particularidades, en cambio a través do traballo de campo cos veciños/as, sacou o material suficiente para, levar a cabo no entroido de 2025 un **Proxecto de recuperación**. Esperemos que os veciños e as persoas interesadas, estean polo labor. Na páxina seguinte explico en que vai consistir este evento.

PRIMEIRA IDEA SOBRE A RECUPERACIÓN DO ENTROIDO NA ILLA DE ONS

De momento tan só é un esbozo, pois aínda se están a realizar as primeiras reunións cos veciños e co concello de Bueu, polo que a proposta inicial pode sufrir algunha modificación de aquí á súa aplicación.

Inicio da actividade na noite do sábado previo a Entroido e no Dominko de Entroido. De tal maneira que xa empece o festexo na véspera cunha *fiada* e no Dominko de Entroido se realicen as actividades propias desta festividade todas condensadas e estruturadas. Así, a figura do *entroido* sairá de mañá (12.00) acompañada das *máscaras* polo percorrido xa determinado. Aproveitarase esta saída para que as *máscaras* poidan ir pedindo *chulas* e *filloses* polas casas en que haxa veciñas/os a veren a comitiva do *entroido*. Así que remate o desfile, realizaranse os xogos propios desta época (*chave*, *carreiras de sacos* e *pita segha*) en Curro e *fiada* mentres se xanta. De tarde, sobre as 16.00, saída dos *mudados* polo percorrido establecido, para o que será preciso que haxa potas con comida para roubar. Á volta, axustizamento do *entroido* mentres continúa a *fiada*. Deste modo, a festa pode estar rematada sobre as 19.00, aínda que os horarios se poderán adecuar ás necesidades da veciñanza e do barco de pasaxe.



Unha das máscaras tradicionais da Illa recuperadas a partir do testemuño de Manolo (Pescadilla) en 2018.

FARO de ONS

Esfinx oceánica



Estou á espera.

Sei, que aos encargados
do meu destino,
os meus incondicionais amigos,
fixéronlles chegar
interesantes iniciativas
para o meu futuro.

Tamén, estou á espera,
de que dean un paso adiante
dende outros organismos.
Aqueles que poden coidar de min,
e, á vez, ofrecer un gran servizo cultural.

....

Sigo esperando.